



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

25 de Xaneiro de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:03

Hora de Finalización

10:25

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA  
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 12.01.2023 (ACTA 2023/1)

A Acta apróbase por unanimidade.

### 2º. PROXECTO DA OBRA CHAMADA "RENOVACION DE PAVIMENTACION NA RUA NOCEDO DO VAL" OBRA OBRA DE EXECUCIÓN POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE, ACORDOS QUE PROCEDAN.

A seguir dase conta aos presentes do proxecto técnico da obra chamada "**Renovación de pavimento na rúa Nocedo do Val**", de data **xaneiro de 2023**, que redactou a arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG e que conta cun orzamento base de licitación de **48.000,00 euros**; e cun prazo de execución de 3 meses.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto técnico que se dixo, da obra chamada "**Renovación de pavimento na rúa Nocedo do Val**", de data **xaneiro de 2023**, que redactou o arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG, e que conta cun orzamento base de licitación de **48.000,00 euros**; e cun prazo de execución de 3 meses, nos termos nos que se atopa redactado.

**SEGUNDO.** Nomear director facultativo da obra á redactora do devandito proxecto técnico; a arquitecto **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG; e coordinador de seguridade e saúde das mesmas a **Cristina Sabariz Rúa**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**TERCEIRO.** Facer constar expresamente que a obra non incorre en alteración, ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente e, en todo caso, constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral.

**CUARTO.** Facer constar expresamente que a actuación prevista é conforme coa normativa urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón de tódalas autorizacións necesarias para a súa execución.

**QUINTO.** Poñer a disposición da Deputación Provincial dos terreos precisos para levar a cabo a actuación prevista.

**SEXTO.** Comprometerse a asumir as indemnizacións a que puideran ter dereito o contratista das obras no caso de que estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos e disposición da Deputación ou da obtención das autorizacións pertencentes para a súa execución.

**SÉTIMO.** Expoñer ao público o proxecto a efectos de reclamacións por posibles interesados.

### 3º. APROBACION DE MEMORIA E SOLICITUDE DE ACTUACION A ASOCIACION MONTEVAL, GDR 9 DO LEADER. PDR DE GALICIA 2014-2020.

O Sr. Alcalde da conta de que no DOG núm.247, do 26 de decembro de 2022 publicouse a Resolución de AGADER, dp 26 de decemrbo de 2022, pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos da Medida Leader, do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2023 e 2024 (MR701D)

Continúa explicando que ao abeiro de dita convocatoria de axudas do Programa Leader 214-2020 vaise solicitar ao GDR 9 ASOCIACIÓN MONTEVAL unha, para o financiamento da actuación proxectada "**Equipamento para o Museo de Castrelo do Val e equipamento para a Casa do Pobo de Piornedo**".

Tralo que, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a memoria das actuacións para a que se solicita subvención, a saber: "**Equipamento para o Museo de Castrelo do Val e equipamento para a Casa do Pobo de Piornedo**", de acordo có seguinte: Actuacións contempladas: Subministro e instalación de material para a exposición de obxectos no Museo de Castrelo do Val; e de mobiliario na Casa do Pobo de Piornedo.

**SEGUNDO.** Solicitar ao **GDR9 Asociación Monteval** o financiamento, na presente anualidade, da actuación que se dixo, ata o importe máximo de **15.859,47 euros** (equipamento museo Castrelo do Val: 9.438,00 € IVE incluído; e equipamento local social de Piornedo: 6.421,47 € IVE incluído)





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**TERCEIRO.** Aceptar, expresamente, as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na normativa reguladora das axudas; comprometéndose ao financiamento da parte non subvencionada do proxecto.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura e xestión da solicitude e restante documentación e xustificación do proxecto.

### 4º. EXENCIONS, BONIFICACIONES, DEVOLUCIONS DE INGRESOS INDEBIDOS E RECLAMACIONES VARIAS A TRIBUTOS MUNICIPAIS

Primeiramente deuse conta das **solicitudes de exención do IVTM por minusvalía** dos seus titulares, resultando quedar acreditado nos correspondentes expediente a concorrencia da causa de exención; manifestando que os vehículos son para uso persoal e exclusivo dos solicitantes.

De seguido, deuse conta das solicitudes de bonificación do IVTM por antigüidade, de máis de vintecinco anos, resultando quedar acreditado nos correspondentes expedientes, a concorrencia da causa de bonificación.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por Unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Recoñecer a exención do IVTM **por razóns de minusvalía** dos seguintes vehículos:

Solicitante: **Carmen Álvarez Rojas**, titular DNI núm. 34.722.177-C

Vehículo: Hyundai Accent con matrícula OU-2301-U.

Certificado: Recoñecemento de minusvalía dun 65,00% de carácter definitivo da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do IVTM **por razóns de antigüidade (máis de vintecinco anos)** dos seguintes vehículos:

Solicitante: **David Requejo Fernández**, titular do DNI núm. 34.630.087 - E

Vehículo: Jeep Viasa BA-CJ 3B con matrícula M-9486-T, de data 14 de xullo de 1973.

Antigüidade vehículo: 49 anos.

Solicitante: **David Requejo Fernández**, titular do DNI núm. 34.630.087 - E

Vehículo: Honda CRM 125 con matrícula Z-0500-AK, de data 5 de xullo de 1990.

Antigüidade vehículo: 32 anos.

Solicitante: **David Requejo Fernández**, titular do DNI núm. 34.630.087 - E

Vehículo: Seat 124 Sport Coupé 1800 con matrícula B-4053-N, de data 02 de xaneiro de 1973.

Antigüidade vehículo: 50 anos.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Solicitante: **David Requejo Fernández**, titular do DNI núm. 34.630.087 - E  
Vehículo: Suzuki SJ 410 V con matrícula B-9907-HZ, de data 29 de abril de 1987.  
Antigüidade vehículo: 35 anos.

Solicitante: **David Requejo Fernández**, titular do DNI núm. 34.630.087 - E  
Vehículo: Seat 127 4P con matrícula LO-0850-C, de data 23 de xullo de 1976.  
Antigüidade vehículo: 46 anos.

**TERCEIRO.** Comunicar o presente acordo ós titulares así como a tesourería municipal e ao Servizo de Recaudación da Mancomunidade para o reflexo do acordado no padrón do IVTM e outros padróns que corresponda do 2023.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

